

Obxectivo xeral

Contribuir a que a catequese sexa lugar de encontro con Xesucristo e axudar aos catequistas a seren verdadeiros acompañantes no camiño da fe para vivir o Evanxeo.

Obxectivo específico 1

Promover encontros que animen aos catequistas a descubrir e vivir a súa misión de acompañar no camiño da fe.

Liñas de acción

- 1.1.- Colaborar á celebración do “**Día da Catequese**” ou “**Día do Envío**” nas parroquias, no comezo do curso, ofrecendo materiais concretos -cartel, esquema de celebración, orientacións- para que familias, catequistas e comunidade tomen conciencia e se responsabilicen da súa misión na educación da fe.
- 1.2.- Convocar aos **catequistas** a participaren na **assemblea diocesana de axentes de pastoral**, organizada pola Vigairía de Pastoral, coa colaboración de varias delegacións, e que se celebrará o día **20 de outubro de 2018**.
- 1.3.- **Assemblea de catequistas** da Diocese inserta nunha nova **assemblea de axentes de pastoral**, como final do curso pastoral, para convivir, celebrar, compartir e agradecer xuntos a experiencia da nosa misión.

Obxectivo específico 2

Acompañar e ofrecer materiais que axuden aos sacerdotes, familias, comunidades, e especialmente aos catequistas, na realización do seu labor catequético.

Liñas de acción

- 2.1.- Distribución do **cartel** co lema proposto polo equipo de catequese de Galicia “*O catequista acompañante no camiño da fe*”, e o **folleto “Presentación do Curso 2018-2019”**.
- 2.2.- Ofrecer, a través das parroquias, unha “**Carta ás Familias**” para animalas á súa indispensable implicación na educación da fe dos seus fillos.
- 2.3.- Dar a coñecer e promocionar o uso dos **catecismos oficiais** da Conferencia Episcopal Española e os **materiais complementarios** para unha adecuada acción catequética.
- 2.4.- Presentación do novo catecismo “**Los primeros pasos en la fe**”, para o despertar á fe na familia e na parroquia, unha vez publicado polo Sr. Bispo o decreto de implantación na diocese.

- 2.5.- Oferta de *Somos testigos del Señor*, **cuarto** libro da colección *Camino, Verdad y Vida*, **material complementario** elaborado polas delegacións de catequese de Galicia, para a súa utilización co catecismo da Iniciación Cristiá *Testigos del Señor*, destinado á catequese entre 10 e 14 anos.
- 2.6.- **Seguir coa elaboración de outros materiais complementarios** do catecismo *Testigos del Señor*. Responsable: o Equipo de Catequese de Galicia.
- 2.7.- Colaborar coa campaña *Enlázate pola xustiza*, promovida por Cáritas, CONFER, Xustiza e Paz, Mans Unidas e REDES, para promover o coidado do planeta e a loita contra a pobreza, dende a base da encíclica *Laudato Si* do Papa Francisco.
- 2.8.- Realizar, en coordinación con Cáritas diocesana, un **concurso de tarxetas de Nadal**, que motive unha sensibilización e compromiso nas comunidades parroquiais unindo catequese e acción caritativo-social.

Obxectivo específico 3

Coidar a vivencia cristiá e formación dos catequistas.

Liñas de acción

- 3.1.- Contribuír á **formación, espiritualidade e vivencia cristiá** dos responsables da acción catequética: sacerdotes, familias e sobre todo catequistas.
- 3.2.- Promover explicitamente a participación dos catequistas en **actividades diocesanas** e a interrelación con outros grupos e persoas comprometidas na iniciación cristiá e na vida da comunidade. En concreto informar e invitar a participar
- 3.2.1.- No **retiro** (10 novembro 2018) e nos **exercicios espirituais** para laicos (16-18 de maio de 2019) organizados pola Deleg. Apost. Segrar.
- 3.2.2.- No **IV curso de música e evanxelización** (PX, 16-17 de febreiro de 2019).
- 3.2.3.- No encontro mensual coa mocidade (3º sábados de mes, ás 21 h. - PX).
- 3.2.4.- No **Encontro de oración 24 HORAS PARA O SEÑOR** (9-10 de marzo de 2019)
- 3.2.5.- Nos encontros de **Ágora**, os luns de 20 a 21 horas, con ritmo quincenal (ver programación detallada na páxina 67).
- 3.2.6.- Nos grupos de reflexión sobre a *“Renovación pastoral”*.
- 3.2.7.- Nos **Cursos on line** organizados polas Delegacións de Catequese de Galicia.
- 3.3.- Promover a **formación integral e específica dos catequistas**, a través de escolas e encontros en zonas e parroquias.

Obxectivo específico 4

Mellorar a organización e potenciar o uso dos medios informáticos para favorecer o servizo á misión catequética.

Liñas de acción

- 4.1.- Favorecer na delegación o **traballo en equipo** para mellorar a corresponsabilidade no servizo diocesano.
- 4.2.- Colaborar, en unión coas restantes delegacións de Galicia, no **fortalecemento do servizo informático** que axude á comunicación en rede dos catequistas e facilite elementos formativos e materiais catequéticos e celebrativos:
 - a **páxina web**: www.catequesisdegalicia.com
 - o **espazo virtual**: <http://recursos.catequesisdegalicia.com>
 - a **comunicación en rede** dos catequistas asociados.
- 4.3.- Seguir proporcionando **axudas para a celebración do domingo**, especialmente para as misas familiares con nenos, a través do servizo de comunicación en rede das Delegacións de Catequese de Galicia.
- 4.4.- Ofrecer, na páxina web e no espazo virtual, **materiais de reflexión e formación** para catequistas.
- 4.5.- **Servizo gratuito de DVDs** para parroquias, grupos e colexios. Selección de vídeos catequéticos e outros materiais en: *recursos.catequesisdegalicia.com*
- 4.6.- **Servizo de edición**, sinxela pero de calidade, de folletos, boletíns e outros materiais impresos para delegacións, parroquias e grupos.